ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e a que en particular concede respecto á taxas o artigo 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas se axustan ás disposicións contidas nos artigos 20 a 27 do Texto refundido da lei de Facendas Locais, e ós preceptos da lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co previsto no artigo 20.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2./2004, de 5 de marzo, constitúe o feito impoñible da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local, a entrada de vehículos a través de beirarrúas, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase

ARTIGO 3.- OBRIGADO TRIBUTARIO

1.- Son obrigados tributarios a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas ou pola súa construcción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso as ditas entradas de vehículos, quen poderán repercutir no seu caso as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Ós efectos de recoñecer ós responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS, BONIFICACIÓNS E NON SUXECCIÓNS

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como as Mancomunidades ou Agrupacións de que forme parte o Concello, non estarán

obrigados ó pago das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial polos aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Salvo o disposto no apartado anterior, non se concederán máis exencións ou bonificacións que as que expresamente establezan as Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

ARTIGO 6.- DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO

1.- A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que a estes efectos enténdese que coincide co de concesión da licenza, se a mesma fose solicitada, e con periodicidade anual, devengándose o un de xaneiro de cada ano, para os sucesivos anos de aproveitamento especial.

2.- Cando se tivese producido o aproveitamento especial sen solicitar a preceptiva licenza, o devengo da taxa ten lugar no momento do inicio de dito aproveitamento, e anualmente, a un de xaneiro de cada ano, para os sucesivos anos de aproveitamento especial.

3.- O periodo impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de novas autorizacións e renuncias de aproveitamentos, en que se prorrateará por trimestres naturais, tendo efectividade no caso das altas no trimestre natural no que se autoricen e no caso das baixas, no trimestre natural seguinte.

ARTIGO 7.- BASE E COTA TRIBUTARIA

1. Tomarase como base da presente exacción a superficie lineal reservada para as entradas ou accesos, as reservas de espacio para parada, carga e descarga, distancia que se computará no punto de meirande amplitude ou anchura do aproveitamento. A lonxitude máxima que poderá concederse será de 5 metros.
Nas reservas temporais con corte de rúa ou emprego de persoal municipal para regulación do tráfico, a duración da reserva.

2. O importe da taxa determinarase con arreglo ó seguinte cadro de tarifas:

a) Por reserva de vía pública para entrada de propiedades a través de aceras e reserva de aparcamento..... 10,00 €/m
b) Adicionalmente, para aqueles inmobles que teñan 5 ou máis vivendas..... 6,00 € por vivenda
c) Por reserva temporal que precise corte de rúa ou persoal municipal para regular o tráfico..... 6,00 €/hora

ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados na presente Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente autorización detallando a extensión e o carácter do aproveitamento requerido. Igualmente deberá presentarse a oportuna declaración nos casos de alteración ou baixa de aproveitamentos xa concedidos.

2.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentras non se presente declaración de baixa ou modificación. Non obstante, o Concello poderá en calquera momento e por razóns debidamente motivadas deixar sen efecto a autorización sen ter o contribuínte dereito a ningunha indemnización.

3.- Os titulares do aproveitamento, aínda que por calquera motivo poideran estar exentos do pago da correspondente taxa, deberán dispor da placa regulamentaria para a sinalización do mesmo. A falta de instalación de placas ou o emprego doutras distintas ás regulamentarias impedirá ós titulares da autorización o exercicio do seu dereito ó aproveitamento. A placa será facilitada polo Concello figurando a data de concesión e número de orde anual.

4. Tratándose de concesión de novos aproveitamentos, a taxa esixirase en réxime de liquidación, que se notificará individualmente, debendo efectuarse o ingreso no lugar e prazo sinalados na mesma.

No caso de que fose necesario a execución de obra de rebaixe de beirarrúa ou calquera tipo de obra para poder disfrutar do aproveitamento especial, esta non poderá levarse a cabo ata que se teña acreditado polo interesado o abono da taxa liquidada no momento da alta.

5. Tratándose de baixas de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, practicarase autoliquidación no momento de presenta-la solicitude, polos trimestres naturais do disfrute do aproveitamento. Copia do ingreso deberá acompañarse para a adopción do correspondente acordo de autorización, se procede, polo órgano competente. Igualmente se practicará autoliquidación no caso de que se solicite reserva temporal que precise corte de rúa ou persoal municipal para regular o tráfico.

6.- Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, elaborarase un padrón anual, liquidándose a taxa polo sistema de recibo. O periodo de cobro será o que anualmente se determine no momento da aprobación do padrón.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á calificación de infraccións e sancións tributarias, además do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demáis normativa que a complemente ou desenvolva.

DISPOSICION ADICIONAL

Unha vez que a presente Ordenanza entre en vigor, deberán revisarse de oficio as reservas e vados existentes para a súa adaptación á mesma.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda expresamente derrogada a Ordenanza Municipal reguladora desta mesma taxa aprobada por acordo plenario de data 18 de novembro de 1.998.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.008, continuando a súa vixencia en tanto en canto no se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Aprobada definitivamente B.O.P. de 14 /11/2007